

CONVOCATORIA

2025/2026

Mobilidade docente

Bases da convocatoria

A presente convocatoria establece o prazo e procedemento para a presentación de solicitudes de participación nas actividades de mobilidade de persoal docente no marco do Programa Erasmus+ para o curso 2025-2026.

Este programa desenvólvese grazas á aprobación por parte da Comisión Europea das Mobilidades de estudantes e persoal entre países do programa e asociados polo *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE).

Con carácter xeral hai dous tipos de mobilidades:

-Mobilidade de persoal para docencia nunha institución de educación superior en posesión dunha Carta Erasmus de Educación Superior (ECHE). As actividades poden ser moi variadas: seminarios, talleres, cursos, conferencias, etc. As actividades docentes deben comprender un mínimo de 8 horas lectivas á semana (ou período de estancia inferior).

-Mobilidade de persoal docente para recibir formación nunha institución de acollida que pode ser: Unha institución de educación superior en posesión dunha (ECHE) ou calquera organización de carácter público ou privado que sexa pertinente para o seu traballo cotiá na institución de educación superior . Pode consistir en actos de formación ou aprendizaxe por observación.

A estancia de persoal está limitada a un máximo de cinco días.

Requisitos dos solicitantes

Para poder participar na presente convocatoria os solicitantes deberán:

-Ter destino na EASD Pablo Picasso, tanto no momento de presentar a solicitude como no momento de realizar a mobilidade.

-Os docentes, no momento de realizar a mobilidade, deben de impartir ensino nas Ensinanzas Superiores de Deseño e/ou na Ensinanzas profesionais.

-Estar nacionalizados nalgún dos países participantes no programa ou de terceiros países, nese caso deberá acreditar que está en posesión dun permiso válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.

Procedemento da solicitude

Para poder participar no programa de mobilidade Erasmus, os solicitantes deberán enviar a seguinte documentación no prazo establecido:

-Formulario online de solicitude. <https://eapicasso.com/formulario-para-docentes/>

-Carta de aceptación da institución de destino (non é imprescindible no momento de facer a solicitude aínda que se valorará no proceso de selección).

-Acreditación de nivel de idioma (de ser o caso).

A presentación da solicitude implicará, coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria e do regulamento.

Coa sinatura da solicitude o solicitante autoriza o uso dos seus datos relativos a nome, apelidos, valoracións e destinos solicitados e adxudicados no taboleiro de anuncios e na web do centro.

A desconformidade con este apartado poderá ser manifestada mediante escrito que será achegado no momento da presentación da solicitude.

Prazo de solicitude

Na secretaría da EASD Pablo Picasso, do 8 ao 14 de xaneiro de 2025.

Adxudicación de bolsas e criterios de selección

A resolución da convocatoria levarase a cabo pola Comisión de valoración que establecerá una listaxe que seguirá a orde de puntuación obtida na aplicación do baremo tendo en conta o seguinte:

-A participación por primeira vez no programa de Mobilidade Erasmus. Puntuación: 6,00 puntos.

-A participación por segunda vez no programa de Mobilidade Erasmus. Puntuación: 4,00 puntos.

-A participación por terceira vez no programa de Mobilidade Erasmus. Puntuación: 2,00 puntos.

-Presentación de acreditación ou certificación de nivel de idioma estranxeiro. O nivel de idioma acreditado do país de destino terá a seguinte puntuación de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Ensino, Aprendizaxe, Avaliación:

NIVEL	PUNTUACIÓN
B1	3,00
B2	4,00
C1	5,00
C2	6,00

-Terase en conta o nivel acreditado de inglés, no caso de que non sexa o idioma do país de destino, coa seguinte puntuación de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Ensino, Aprendizaxe, Avaliación:

NIVEL	PUNTUACIÓN
B1	1,50
B2	2,00

C1	2,50
C2	3,00

Puntuación máxima: 6,00 puntos

-Achega dunha carta de invitación ou do programa de mobilidade asinado pola institución/empresa de acollida.

Puntuación: 2,00 puntos.

En caso de empate na valoración anterior este resolverase dando prioridade ao profesorado con maior permanencia no centro. En caso de persistir o empate valorarase a maior permanencia na función docente.

Os adxudicatarios, persoal docente do programa de mobilidade Erasmus+, adquiren o compromiso de divulgar a súa experiencia ao resto de persoal/estudantes do centro.

A Coordinación de Programas Internacionais da EASD Pablo Picasso publicará a resolución definitiva sobre a adxudicación das mobilidades na páxina web e no taboleiro de anuncios Erasmus+ da Escola.

Renuncias

En caso de renuncia á bolsa Erasmus concedida, esta deberá ser presentada por escrito á Coordinación de Programas Internacionais no prazo dun mes despois da adxudicación provisional.

Se o solicitante renuncia á súa bolsa, sen unha causa xustificada, pasará a ocupar o último lugar na lista de adxudicacións en futuras convocatorias.

Axuda económica e pagos

O importe da axuda individual será variable en función do Grupo ao que pertenza o país de destino e o importe da axuda de viaxe tamén será variable en función dos tramos de distancia publicados pola AN, e realizarase en dous pagos. Nos 10 días naturais posteriores á sinatura do convenio financeiro realizarase un primeiro pago de prefinanciación ao participante equivalente ao 80% do importe total, o segundo pago equivalente ao 20% do total da axuda financeira, farase efectivo ao recibir o resto da documentación xustificativa requirida nesta convocatoria.

TRÁMITES A SEGUIR AO LONGO DO PROCESO

ANTES DE COMEZAR A ESTANCIA

Unha vez se publique a resolución definitiva da convocatoria, os adxudicatarios deberán cumprir os seguintes trámites:

-Presentar o formulario de datos bancarios ou fotocopia de datos da conta bancaria na que o adxudicatario sexa titular para o ingreso da bolsa.

-Presentar o programa de traballo ou de ensino asinado pola institución de acollida en prazo.

- Asinar o convenio de Subvención e o convenio coa EASD no prazo que se estableza.
- Seguir os trámites necesarios para asegurarse a cobertura sanitaria no país de destino (Tarxeta Sanitaria Europea e/ou seguro sanitario equivalente).
- Xestionar a súa viaxe, aloxamento, seguro de asistencia en viaxe, permiso de estancia, no seu caso, e realizar calquera outra xestión necesaria para asegurar a permanencia no destino durante todo o período indicado no convenio.
- Tramitar a solicitude de permiso á Dirección da EASD, polo menos un mes antes de realizar a estancia.

A documentación que o beneficiario levará ao país de destino será a seguinte:

- Carta de admisión do centro/empresa de destino.
- Programa de mobilidade.
- Certificado de estancia.
- DNI / Pasaporte.
- Tarxeta Sanitaria Europea e/ou seguro sanitario equivalente.

DURANTE A ESTANCIA

Durante a estancia, os adxudicatarios deberán:

- Incorporarse ao centro/empresa/organismo de destino nas datas previstas, permanecer no destino durante a totalidade da estancia indicada no convenio de subvención, e levar a cabo o plan de mobilidade acordado.
- Contactar coa oficina de relacións internacionais ou coordinador Erasmus no centro de destino en función do tipo de mobilidade.
- Informar da súa chegada á Coordinador de programas internacionais.
- Informar das incidencias na maior brevidade posible.

AO FINALIZAR A ESTANCIA

Ao finalizar a estancia, deberán cumprir os seguintes trámites obrigatorios:

Entregar á Coordinación de programas Internacionais, nun prazo máximo de quince días contados dende o regreso:

- Certificado da estancia asinado e selado pola Institución, empresa, ou organismo de destino, sen riscadas nin emendas, expedido (asinado e selado) pola dirección ou coordinación Erasmus do departamento ou da facultade da institución de acollida, ou polo responsable da empresa/organismo, no que se especifiquen datas de estancia, número de horas lectivas e se confirme que se seguiu a planificación prevista, ou as modificacións de ser o caso, tendo en conta que a data da

certificación ten que ser igual ou posterior á data de finalización da estancia. Non se admitirán certificados con data anterior á finalización do período de mobilidade.

-Documentación xustificativa da viaxe: documento de desprazamento en vehículo particular, tarxetas de embarque, billetes electrónicos, folla de itinerario, facturas no seu caso, etc.

-O informe final en liña (cuestionario UE) en función da mobilidade realizada: O adxudicatario recibirá un correo electrónico antes da finalización da súa mobilidade. Por iso é importante que identifique o remitente como seguro e que é un correo que desexa recibir, introducindo a dirección: replies-will-be-discarded@ec.europa.eu nos seus contactos e que revise o cartafol de correo non desexado para verificar que non se desviou ningunha comunicación importante a ese cartafol. A Coordinación Programas Internacionais deberá ter constancia do envío do cuestionario no momento de presentar a documentación requirida.

-Memoria Final do participante. Cada participante deberá realizar unha memoria da súa experiencia a nivel académico, profesional, lingüístico, cultural, etc. que enviarán á Coordinación de programas internacionais nos quince días seguintes a súa chegada. Ditas memorias se publicarán na web da EASD, e quedarán arquivadas para posteriores actividades: charlas, presentacións, información sobre os centros de destino, etc.

Non se realizará o pago da axuda económica sen a presentación dos documentos en forma e prazo.